

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
- 9 MAR. 2016	
N.º ENTRADA 6972	N.º SAIDA



Ramiro Rodríguez Suárez, deputado do grupo provincial do BNG, ao abeiro da Lei da administración Local de Galiza e demais disposicións concordantes, diríxese a vostede para lle

EXPÓR

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, e a directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro, veñen de asinar hai escasos días un convenio de colaboración entre a administración provincial e a autonómica para executar o proxecto de construción dunha piscina flotante termal no río Miño, ao carón do balneario de Laias (Cenlle), que potenciará a oferta termal na provincia de Ourense. O acordo contempla a construción nun prazo de catro meses da dita infraestrutura termal, na que se investirán por parte da Axencia de Turismo de Galicia 200.000 euros.

Por todo o anterior exposto queremos preguntar:

Hai aportación da deputación, tanto económica como doutra índole, para a construción da devandita infraestrutura?

En caso afirmativo, a canto ascende?

Ourense, 9 de marzo de 2016

Asdo.: Ramiro Rodríguez Suárez

Sr. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE